

Comparacións de tema relixioso na *Divina Commedia*.

Isabel González

Dende hai anos, vímonos ocupando do estudio da comparación na poesía medieval italiana. Comezamos a analizar os *exempla* amorosos na poesía italiana do Duecento, logo fixemos un traballo sobre o parangón na poesía do Dolce stil nuovo, e despois, centrándonos xa na *Divina Commedia*, temos feito tres artigos sobre a comparación no Inferno, Purgatorio e Paraíso respectivamente¹. O longo destes últimos traballos, tivemos a oportunidade de observar que a comparación de tema relixioso é moi abundante en toda a *Commedia*, cousa moi lóxica e natural se temos en conta que o argumento do poema non é outro que a peregrinación de Dante polos tres reinos do mundo ultraterreo para purificar o seu pecado e salvar a súa ánima, amén da do resto da humanidade, e polo tanto a relixión é o tema fundamental da obra. Por outra banda, unha das fontes principais da *Commedia* é a Biblia, libro sagrado por excelencia, e os Evanxeos. Dante ten unha meta: a visión da esencia da Trindade, pero para poder comprender o misterio e facerllo comprender ós demais ten que acudir constantemente á teoloxía, polo que non ten nada de particular que tanto o Inferno, lugar onde se penan as culpas, coma o Purgatorio onde hai alomenos unha certa esperanza e non digamos o Paraíso, lugar santo e coroado precisamente polo Empíreo que é onde están as tres persoas da Santísima Trindade, estean cheos de motivos relixiosos.

Neste traballo propoñémonos presentar un panorama sucinto deste grupo de comparacións, advertindo xa de antemán que se fará soamente un mostreo e non un estudio de todas e cada unha das comparacións de tema relixioso que non tería cabida nun traballo coma este.

A comparación

É moi corrente confundir o *simil* coa comparación, e así vemos que Marchese e Forradellas² definen a comparación deste xeito: “la comparación, también

1. V. Isabel González: “Exempla amoris en la poesía italiana del Duecento” in *Estudios Románicos dedicados al Prof. Andrés Soria Ortega*, Granada, 1985, I, pp. 349-372; “La comparación en la poesía del Dolce Stil Nuovo” in *Actas do Congreso de Lingüística Románica*, Santiago de Compostela, 1989 (no prelo); “La comparación en el Inferno dantesco” in *Estudios Románicos dedicados al Prof. Luis Rubio*, Murcia, 1989, IV, pp. 461-499; “La comparación en el Purgatorio dantesco” in *Homenaje a Zamora Vicente*, Madrid, III (no prelo) e “La comparazione nel Paradiso dantesco” in *Homenaxe ó Prof. Constantino García*, Universidade de Santiago de Compostela, 1991, t. II, pp. 319-349.

2. Cfr. A. Marchese e J. Forradellas: *Diccionario de retórica, crítica y terminología literaria*, Barcelona: Ed. Ariel, 1986, p. 66.

llamada símil, es una figura retórica que establece una relación entre dos términos en virtud de una analogía entre ellos”. A única diferenca ou precisión que fai A. Marchese é que mentres na comparación os termos parangonados van precedidos das formas correlativas *come...così*, ou *quale...tale*, no símil o parangón é directo e vai soamente con *come*³. Realmente a comparación é un símil moi particularizado, moi detallado. Cando Dante di:

Urlar li fa la pioggia come cani;
(Inf. VI, 19⁴)

referíndose ós golosos, que están oubeando coma cans desexosos de comida, está usando un símil, pero cando afirma:

Come le pecorelle escon del chiuso
a una, a due, a tre, e l'altre stanno
timidette atterrando l'occhio e 'l muso;
e ciò che fa la prima, e l'altre fanno,
addossandosi a lei, s'ella s'arresta,
semplici e quete, e lo 'mperché non sanno;
sì vid'io muovere a venir la testa
di quella mandra fortunata allotta,
pudica in faccia e nell'andare onesta,”
(Purg. III, 79-87)

para se referir ó camiñar lento e tímido dunha multitude de ánimas, está facendo unha comparación coas ovellas que saen do redil, despaciño e baixando á terra os ollos e o fociño, coa lentitude que as caracteriza.

Moi relacionados coa comparación están outros procedementos retóricos como o *exemplum*, que é a esfera finita do símil, consistente nun feito fixado histórica, mitolóxica ou literariamente e que se presenta como proba⁵, ou a *similitudo*, esfera infinita do símil, consistente en parangonar unha realidade xeral da vida natural como por exemplo o comportamento dun home ou dun animal. Este termo é sinónimo do italiano *similitudine*⁶.

Tamén tería cabida aquí o falar da *metáfora*, forma breve da comparación⁷ ou da *alegoría*, que é a metáfora continuada⁸, pero non é a nosa intención entrar en disquisicións retóricas, entre outras razóns porque tanto o símil, o *exemplum*, a *similitudo*, e incluso a metáfora e a alegoría son pequenos matices da comparación

3. V. A. Marchese: *Dizionario di retorica e di stilistica*, Milano: Mondadori, 1978, p. 55.

4. As abreviaturas Inf. Purg. e Parad. reférense loxicamente ó Inferno, Purgatorio e Paradiso, o número romano fai referencia ó cantar e o árabe ó verso. De agora en diante citaremos sempre así.

5. V. S. Battaglia: “L'esempio medievale”, in *Filología Románica*, n. 6, 1959, p. 67.

6. V. N. Zingarelli: *Il Nuovo Zingarelli*, Bologna: Zanichelli, 1984, p. 1086.

7. V. H. Lausberg: *Manual de retórica literaria*, Madrid: Gredos, 1984, t. II, p. 61.

8. H. Lausberg: *Elementos de retórica literaria*, Madrid: Gredos, 1975, p. 212, di que, como tropo de pensamento, a alegoría consiste na substitución do pensamento indicado por outro que está nunha relación de semellanza.

que pode perfectamente abranguelos a todos. Dese xeito falaremos de comparación cando se estableza unha relación entre dous ou máis termos en virtude dunha analoxía entre eles. Ademais, e neste estamos totalmente de acordo con Dardano⁹, na comparación para facer máis claro o concepto hai sempre un parangón con outro concepto máis coñecido xa que logo, en certo senso, coa comparación trátase de facer máis evidente o que sen ela podería ser pouco comprensible. Xa no primeiro canto do Inferno:

E come quei che con lena affannata
uscito fuor del pelago alla riva
si volge all'acqua perigliosa e guata,
coi l'animo mio, ch'ancor fuggiva,
si volse a retro a rimirar lo passo
che non lasciò già mai persona viva.
(Inf. I, 22-27)

hai unha comparación clarísima entre a situación do peregrino que se revolve a mirar a selva coa do naufrago que acaba de salvarse.

Partindo da base de que en Dante, e concretamente na *Commedia*, a comparación ademais de ter unha función de 'adorno', pode facerse tan natural fronte á función comparativa propia, de xeito que a vemos como algo 'necesario', e sabendo así mesmo que a comparación non soamente se emprega en procesos humanos perceptibles ou non polos sentidos, senón tamén en procesos da vida natural-comportamento das plantas, animais ou cousas- pódense facer tres grupos de comparacións: con seres humanos (actitudes e actividades humanos), con animais e con cousas.

Como o noso obxectivo é a análise das comparacións de tema relixioso, centrémonos fundamentalmente no comportamento dos seres humanos.

E pasemos, xa sen máis preámbulos ás múltiples comparacións de tema relixioso que se atopan na *Divina Commedia*, sabendo que como temos dito, fixemos unha escolla das que consideramos máis importantes.

Comparacións de tema relixioso

A relixión, así en xeral, é un tema constante na *Commedia*. Dende os primeiros versos do canto primeiro do Inferno: *selva oscura* (v. 2), *diritta via* (v. 3), *verace via* (v. 12), ata os derradeiros do último canto do Paraíso: *luce eterna* (v. 124), *lume rifleso* (v. 128), *nostra effige* (v. 131), que non son outra cousa que o pecado, a salvación, a Trindade e o misterio da Encarnación, toda a obra está cheña de reminiscencias relixiosas.

Non esquezamos que Dante porque quería ser un apóstolo de moralidade, foi colocando en círculos concéntricos, de arriba abaixo, segundo a gravidade das súas

9. V. M. Dardano: *Nuovissimo dizionario della lingua italiana*, Roma: Armando Curcio editore, 1986, vol. 2, p. 1946.

culpas, a tódolos pecadores, que padecerían para sempre os seus pecados e vicios no Inferno, que sufrían pero con esperanza de saída unha vez que pagaran as súas culpas, no Purgatorio, e as boas persoas ou incluso santos, segundo estivesen máis veciños a Deus, no Paraíso.

Persoeiros bíblicos, eclesiásticos, e en definitiva relixiosos, circulan ó longo da *Commedia*. Os pecados capitais, as virtudes teolóxicas e absolutamente todo o divino e o humano está recollido nesta obra mestra.

Das máis de 400 comparacións que se atopan na *Commedia*, máis de 50 son de tema relixioso. É unha porcentaxe alta (naturalmente é aínda máis alta no Inferno). Isto polo que se refire ás comparacións, que é o tema que nos ocupa neste momento, porque a relixión latexa continuamente.

Imos xa velas, agrupándoas dalgunha maneira, e como temos dito ofrecendo unha panorámica xeral, sen entrar en detalles e sen mencionalas todas.

O pecado, o vicio, o mal comportamento

A luxuria está penada cun airón que no círculo II do Inferno move ós pecadores e non lles deixa un segundo de repouso. É un vento desenfreado como desenfreadas foron as súas paixóns. As comparacións desta xente cos estornios e as grullas están moi logradas:

E come li stornei ne portan l'ali
nel freddo tempo, a schiera larga e piena,
così quel fiato li spiriti mali
di qua, di là, di giù, di sù li mena;
nulla speranza li conforta mai,
non che di posa, ma di minor pena''.
(Inf. V, 40-45)

E come i gru van cantando lor lai,
faccendo in aere di sé lunga riga,
così vid'io venir, traendo guai,
ombre portate da la detta briga;
(Inf. V, 46-49)

A hipocresía é aínda peor: os hipócritas, que esconderon ós ollos da xente o seu pecado, campeóns da dobreza e da aparencia, camiñan no círculo VIII do Inferno baixo pesadas capas que por fóra parecen de ouro, pero que son por dentro de chumbo. A comparación seguinte é unha das máis fermosas:

Lo duca mio di sùbito mi prese,
come la madre ch'al romore è desta
e vede presso a sé le fiamme accese,
che prende il figlio e fugge e non s'arresta,
avendo più di lui che di sé cura,
tanto che solo una camiscia vesta;
(Inf. XXIII, 37-42)

Virxilio colleu rápido a Dante, tan rápido coma unha nai, ó despertar e ver que hai un incendio, colle ó seu fillo e coas presas de salvado non lle importa saír ispida á rúa.

Os ladróns, que faltaron ó sétimo mandamento, non roubar, pagan a súa culpa nun pozo de serpes e cobras que lles agarran as mans e brazos e non lles deixan coller nada. Vexamos a comparación do ladrón coa do home que cae sen saber o motivo, e cando se levanta mira a un lado e a outro sen saber que facer nin o que pasou:

E qual è quel che cade, e non sa como,
per forza di demon ch'a terra il tira,
o d'altra oppilazion che lega l'omo,
quando si leva, che 'ntorno si mira
tutto smarrito de la grande angoscia
ch'elli ha sofferta, e guardando sospira:
tal era 'l peccator levato poscia.
(Inf. XXIV, 112-118)

A traición é un dos peores pecados para Dante. En efecto os traidores, que están no noveno círculo do Inferno, pagan a súa frialdade (son xente que friamente premeditaron o seu delito) sumerxidos en xeo. E coma a rá está croando co fociño fóra da auga, así os traidores estaban con todo o corpo debaixo do xeo, batendo os dentes e facendo o mesmo son que fan as cegoñas:

E come a gradicar si sta la rana
col muso fuor de l'acqua, quando sogna
di spigolar sovente la villana,
livide, insin là dove appar vergogna
eran l'ombre dolenti ne la ghiaccia,
mettendo i denti in nota di cicogna.
(Inf. XXXII, 31-36).

Ordes relixiosas, o clero, frades, Papas

Son moi abundantes as comparacións nas que dalgunha maneira interven o clero, monxas, curas ou frades. Vexamos dúas a modo de exemplo:

Io stava come 'l frate che confessa
lo perfido assessin, che, poi ch'è fitto,
richiama lui per che la morte cessa.
(Inf. XIX, 49-51)

Taciti, soli, senza compagnia
n'andavam l'un dinanzi e l'altro dopo,
come frati minor vanno per via.
(Inf. XXIII, 1-3).

na primeira Dante, que intentaba achegarse á beira da “bolgia” 3ª do círculo VIII (onde están os simoníacos, a meirande parte deles son eclesiásticos que se

aproveitaron da súa posición para enriquecerse eles e a súa familia) para ver o que pasaba, compárase ó frade que se inclina para poder confesar ó asasino que é condenado e colgado boca abaixo para que morra por asfixia (o frade ten que se inclinar para poder darlle os últimos auxilios).

Na segunda Dante e Virxilio camiñan calados e sos como fan os frades, segundo era corrente na época, ó trasladarse dunha cidade a outra (ían caladiños, mirando para o chan e un detrás doutro, en fila india, quizais porque ían falando con Deus e meditando para os seus adentros).

Dende o Papa Niccolò III, na corte de quen se practicou a simonía ata Bonifacio VIII, son moitos os Papas que Dante mete no Inferno. Vexamos as súas verbas:

Ed el gridò: «Se' tu già costì ritto,
se' tu già costì ritto, Bonifazio?
Di parecchi anni mi mentì lo scritto.
Se' tu sì tosto di quell' aver sazio
per lo cual non temesti tòrre a 'nganno
la bella donna, e poi di farne strazio?».
Tal mi fec' io, quai son color che stanno,
per non intender ciò ch'è lor risposto,
quasi scornati, e risponder non sanno.
(Inf. XIX, 52-60)

É o propio Niccolò III o que lle berra a Dante, pensando que é Bonifacio VIII, acusándoo de facer marrullerías para obter o solio pontificio (la *bella donna* é a Irexa romana, que se chama *donna* porque é a esposa de Cristo e dos seus vicarios; tamén no verso 111 ó Papa chámase marido da Irexa). Ante estas palabras Dante estrañado e admirado queda sen fala, coma aquel que non é capaz de entender a resposta que lle dan.

Calquera cousa lle serve ó noso poeta para facer un parangón directo, que chegue ó corazón da xente e sobre todo que sexa evidente e clarificador. E, xa que estamos coa Irexa, nada mellor que mencionar a Basílica de San Pedro de Roma, que na época de Dante tiña unha piña de bronce de máis de catro metros de altura (no século XVI foi trasladada ó pazo de Belvedere e hoxe atópase no interior do Vaticano), coa cara longa e gorda do xigante Nembrotte, condenado cos demais xigantes no pozo chamado dos xigantes entre o círculo oitavo, dos fraudulentos e o noveno, dos traidores:

La faccia sua mi pareo lunga e grossa
come la pina di San Pietro a Roma,
e a sua proporzione eran l'altre ossa;
(Inf. XXXI, 58-60).

Deus, a Virxe e os santos

As comparacións con personaxes da corte celestial son moi frecuentes sobre todo no Paraíso. Así vemos que o misterio da Santísima Trindade é parangonado a tres

círculos de cores diferentes pero dunha mesma dimensión, o segundo reflexo do primeiro, coma un arco da vella doutro arco da vella (o terceiro era un lume que emanaba coa mesma intensidade do un e do outro):

Ne la profonda e chiara sussistenza
de l'alto lume parvermi tre giri
di tre colori e d'una contenza;
e l'un da l'altro come iri da iri
parea riflesso, e 'l terzo pareo foco
che quinci e quindi igualmente si spiri.
(Parad. XXXIII, 115-120)

A derradeira comparación do último canto da *Commedia* ten como protagonista a Cristo. Dante intenta comprender a imaxe humana e divina do fillo de Deus e está nunha tesitura tan difícil coma a do xeómetra que intenta inutilmente comprender a cuadratura do círculo:

Qual è 'l geomètra che tutto s'affige
per misurar lo cerchio, e non ritrova,
pensando, quel principio ond' elli indige,
tal era io a quella vista nova:
veder voleva come si convenne
l'imago al cerchio e come vi s'indova;
(Parad. XXXIII, 133-138)

Os santos, que están preto de Deus, aparecen mencionados case todos: San Bernardo, San Xoan, San Lorenzo, e Santiago. Vexamos algunha das comparacións nas que aparece San Pedro, un dos máis coñecidos para tódolos cristiáns:

Si come il baccialier s'arma e non parla
fin che 'l maestro la question propone,
per approvarla, non per terminarla,
così m'armava io d'ogne ragione
mentre ch'ella dicea, per esser presto
a tal querente e a tal professione.
(Parad. XXIV, 46-51)

Nela Dante prepárase a responder ó exame que lle vai facer San Pedro, o mesmo que fai o estudante cando se dispón a contestar ó profesor que o vai examinar.

Na seguinte é o caso contrario, xa que é o propio San Pedro o que escoita con satisfacción as respostas que lle dá Dante e faino coa mesma satisfacción do señor que escoita as boas novas que lle trae o seu servo:

Come 'l signor ch'ascolta quel che i piace,
da indi abbraccia il servo, gratulando
per la novella, tosto ch'el si tace;

così, benedicendomi cantando,
tre volte cinse me, sì com' io tacqui,
l'appostolico lume al cui comando
io avea detto: sì nel dir li piacqui!
(Parad. XXIV, 148-154)

Tamén os anxos, ou arcanxos, son obxecto das máis variopintas comparacións. Na que mencionamos a continuación a voz tenue de Salomón é parangonada á do arcanxo San Gabriel na anunciación á Virxe:

E io udi' ne la luce più dia
del minor cerchio una voce modesta,
forse qual fu da l'angelo a Maria,
(Parad. XIV, 34-36)

Os discípulos de Cristo tiveron frecuentes visitas e aparicións do Mestre. O evanxelista San Lucas (Lc. 24, 13) conta que Xesús resucitado apareceuse de repente a dous discípulos seus que ían camiñando cara a Emaus. Esta aparición foi tan de súpeto coma a da sombra do espírito de Stazio que se lles apareceu a Dante e ó seu guía na cornisa 5ª (a dos avaros e despilfarradores) do canto XXI do Purgatorio:

Ed ecco, sì come ne scrive Luca
che Cristo apparve a' due ch'erano in via,
giù surto fuor de la sepulcral buca,
ci apparve un'ombra, e dietro a noi nevìa,
(Purg. XXI, 7-10)

Para rematar, poñemos un exemplo tomado do canto XX do Purgatorio:

e per ventura udi' «Dolce Maria!»
dinanzi a noi chiamar così nel pianto
come fa donna che in parturir sia;
(Purg. XX, 19-21)

onde, como se ve, a Virxe ten moito que ver. Como sempre, o primeiro exemplo de virtude refírese á Madonna. A imaxe da parturienta (v. 21) é un eco das Sagradas Escrituras (Isaias, 26, 17).

Recapitulacións finais

A comparación na *Divina Commedia* é un recurso fundamental do discurso poético. Non é un elemento illado que Dante utilice para 'adornar' ou 'embelecer' senón que é algo simbiótico cos demais elementos do episodio, e, como di Croce¹⁰

ademais de esclarecernos un feito, as comparacións son auténtica poesía por si mesmas. O mesmo sucede coa comparación relixiosa que non é exornativa senón necesaria.

En total aparecen 444 comparacións (Inf. 150, Purg. 125 e Parad. 169), das que, como xa dixemos, unha boa parte pertencen ó mundo relixioso. Naturalmente hai un meirande número de comparacións, en xeral, no Paraíso porque é o cantar de contido máis alto e por iso ten que ter un estilo máis elevado, cun particular tipo de parangóns. Non debemos esquecer que o Paraíso afronta o máis alto argumento que se poida imaxinar: a verdade divina, o reino de Deus, a directa visión da divinidad.

Pero polo que se refire ás comparacións de tema relixioso, o meirande número está no Inferno -unha porcentaxe dun 25%- xa que hai cantos como o XXIII, onde están colocados os hipócritas, cheos de comparacións porque Dante consideraba que a hipocresía era un dos vicios máis comúns entre os relixiosos, e aquí multiplícanse os parangóns e tamén os préstamos lingüísticos do mundo monástico (neste mesmo canto no verso 90 lemos “vanno scoperti de la grave stola” para se referir ó vestido ou capa que levaban os condenados).

Seguindo a tónica xeral da *Commedia*, as comparacións de tema relixioso son longas. A Dante gústalle moito estenderse verso tras verso en todo tipo de disquisicións. Sirva como exemplo a comparación seguinte, na que se parangona a actitude de San Pedro, San Xoan e Santiago, que, levados por Xesucristo ó cumio do monte Tabor, contemplaron a Transfiguración, coa de Dante ó contemplar a súa amadísima Beatrice:

Quali a veder de' fioretti del melo
che del suo pome li angeli fa ghiotti
e perpetüe nozze fa nel cielo,
Pietro e Giovanni e Iacopo condotti
e vinti, ritornaro a la parola
da la qual furon maggior sonni rotti,
e videro scemata loro scuola
così di Moisé come d'Elia,
e al maestro suo cangiata stola;
tal torna' io, e vidi quella pia
sopra me starsi che conducitrice
fu de' miei passi lungo 'l fiume pria.
(Purg. XXXII, 73-84)

Sexan breves ou longuísimas, sexan illadas, consecutivas ou encadeadas, todas, absolutamente todas, son maxistrais.

Mentres na lírica anterior a Dante (referímonos sobre todo á escola poética siciliana e ó Dolce Stil), os poetas empregaban comparacións convencionais: o mar, a tempestade, as pedras preciosas, na *Commedia* Dante ofrécenos comparacións singulares e orixinalísimas, sexa no campo relixioso coma nos demais.

Analicémos a seguinte, que ten que ver cos sentimentos dos homes, e, polo tanto, en certo senso coa moral:

Fede e innocénza son reperte
solo ne' parvoletti; poi ciascuna
pria fugge che le guance sian coperte.
Tale, balbuzièndo ancor, digiuna,
che poi divora, con la lingua sciolta,
qualunque cibo per qualunque luna;
e tal, balbuzièndo, ama e ascolta
la madre sua, che, con loquela intera,
dis'ia poi di vederla sepolta.
Così si fa la pelle bianca nera
nel primo aspetto de la bella figlia
di quel ch'apporta mane e lascia sera.
(Parad. XXVII, 127-138)

Aquí Dante compara os sentimentos dos homes que van pasando de nenos a grandes e que de ser bos pasan a ser todo o contrario, coa pel que pasa de branca a negra pola acción do sol. É un fenómeno que todos temos observado, pero que ninguén ata Dante utilizara nun parangón literario. Como di Oreste Allavena¹¹ Dante non é un imitador ó pé da letra, non é un copiadador mecánico, senón todo o contrario, xa que sabe sempre sacar bo partido das fontes clásicas.

Deste xeito podemos afirmar que as comparacións na poesía anterior a Dante eran 'artificiais', mentres que polo dominio que Dante tiña da lingua fai que as que el emprega nos resulten 'naturais'. Ese era precisamente un dos obxectivos de Dante: facer ver e comprender ó pobo, á xente sinxela, as cousas máis difíciles valéndose das comparacións máis evidentes.

Como recapitulación final, cómpre dicir que, como tódalas demais comparacións da *Commedia*, as de tema relixioso son certas e eficaces, porque son sempre mesuradas, equilibradas, e sobre todo adecuadas á fin que pretenden.

Isabel González

Universidade de Santiago de Compostela

11. Cfr. O. Allavena: *Stile e poesia nelle similitudini della Divina Commedia*, Savona: Priamar, 1970, p. 13: "Quanto alle similitudini di derivazione letteraria, giova osservare che l'atteggiamento di Dante, anche quando desume il contenuto dalle fonti classiche, non è mai, in nessun caso, quello del pedissequo imitatore che riduce "ad verbum" un testo latino in volgare e adatta questa o quella immagine al suo canovaccio espressivo, sibbene quello del poeta geniale, che sa trascendere il modello e sa infondere in talune similitudini di stampo classico un'aura rinnovatrice e un nuovo spirito".